



Expediente núm.: 1221/2021

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 828/2021

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2021

Obra/servizo subvencionado: Tarefas de silvicultura e limpeza de montes (Peón forestal)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes

- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 73 do 20.04.2021, publícase a ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (código de procedemento TR351G).
- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, que tivo lugar o día 23.04.2021, adoptou, entre outros, o acordo que, copiado literalmente, di:

"3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA

3.2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL. APROL RURAL (ORDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DO 12/04/2021. DOG Nº 73, DO 20/04/2021)

Dada conta da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG nº 73, do 20/04/2021) da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, a proposta do Sr. alcalde, a Xunta de Goberno Local, **acorda:**

3.2.1.- Aprobar o proxecto da obra ou servizo, para a realización de tarefas de silvicultura e limpeza de montes.

3.2.2.- Aprobar o orzamento de gastos relativo ao custo do persoal susceptible de solicitar ao abeiro da referida Orde do 12 de abril de 2021 que, en aplicación do convenio colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017, e considerando o incremento retributivo do 0,90 % sobre as retribucións do ano 2020, establecido na Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, o que se detalla a continuación (art. 5 da ORDE do 12 de abril de 2021):

PERSONAL APROL RURAL	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)	CNAE2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	DURACIÓN DO CONTRATO (en meses)	CUSTO BRUTO TOTAL (por traballador/a)	INDEMNIZACIÓN POR FINALIZACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL	Nº DE TRABALLADORES	CUSTO BRUTO TOTAL APROL RURAL ANO 2021
Peón forestal	V	100,00%	1.322,40	8411 D	37,80%	499,87	1.822,27	9	16.400,43	393,07	2	33.587,00
TOTAIS			1.322,40 €			499,87 €	1.822,27 €		16.400,43 €	393,07 €	2	33.587,00 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

3.2.3.- Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da orde referenciada e de conformidade coa contía especificada no artigo 5, unha subvención de 27.500,00 € para a contratación temporal de traballadores desempregados co seguinte plan de financiamento:

• Achega da Consellería de Emprego e Igualdade.....	27.500,00 €
• Achega municipal do Concello do Pereiro de Aguiar	6.087,00 €
Custo total	33.587,00 €

3.2.4.- O Concello comprométese expresamente a financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería."

- O día 29.04.2021 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2021/999986 a solicitude de subvención para o fomento do emprego no medio rural 2021 (Aprol rural).
- O día 28.05.2021 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2021/1273333 a solicitude de contratación anticipada ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural 2021 (Aprol rural).
- Con data 04.06.2021 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2021-E-RC-3121) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Emprego e Igualdade, mediante a que se lle concede ao Concello a autorización da contratación anticipada de 1 traballador/a desempregado/a para a realización da obra ou servizo denominado/a: "TAREFAS DE SILVICULTURA E LIMPEZA DE MONTES" Expte. Nº: TR351G 2021 / 26 – 3. Co desagregado seguinte:

Nº trab.	Ocupación	Xornada	Duración
1	Peón Forestal	100%	9 Meses

- O 11.06.2021, emítase Certificación do Acordo da Xunta de Goberno Local (XGL), celebrada o mesmo 11.06.2021, en sesión extraordinaria, aprobando a Convocatoria e as Bases para a selección de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da autorización de contratación anticipada da Subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2021 (Expte. Nº: TR351G 2021 / 26 – 3).
- O 11.06.2021 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2021 (Expte. Nº: TR351G 2021 / 26 – 3).
- O 14.06.2021 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73 do 20 de abril de 2021), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.
- O 24.06.2021 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2021-E-RC-3505) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Emprego e Igualdade, mediante a que se nos concede unha subvención polo importe de 13.750,00 euros para a contratación de 1 traballador/a desempregado/a para a realización da obra ou servizo denominado/a: "TAREFAS DE SILVICULTURA E LIMPEZA DE MONTES" (DOG núm. 73 do martes do 20 de abril de 2021). Expte. Nº: TR351G 2021 / 26 – 3. Co desagregado seguinte:

Nº Traballadores	Ocupación	Grupo Cotización	Modalidade contractual	Duración (meses)	Xornada	Custo Subvencionado
1	Peón forestal	10	Contrato temporal de interese social	9	100%	13.750,00 €





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

10. O 25.06.2021 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2021 (Expte. Nº: TR351G 2021 / 26 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

"(...)

Concluída a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12 – 2021 – 4641):

Rodríguez Suárez, Santiago

Contratación do candidato

- *Quenda de reserva por orde de puntuación:*
 1. *Bermúdez Cachaldora, Antonio Alejandro*
 2. *Rodríguez González, Ángel Modesto*
 3. *Rey Valero, Jorge*

- *Aspirantes que non superaron o proceso de selección:*
 1. *Blanco Gómez, Adolfo*
 2. *De Carvalho dos Santos, André*
 3. *Fernández Feijóo, José Antonio*
 4. *Mira Maceiras, Marcos*

- *Aspirantes que non compareceron:*

Ibarra Rodríguez, Álvaro

Non se presentou

(...)"

11. O 30.06.2021 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección dun/ha (1) traballador/a desempregado/a para a realización da obra ou servizo denominado/a: "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peón forestal).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Contratar para o período comprendido entre o 05 de xullo de 2021 e o 04 de abril de 2022, para a obra / servizo "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peón forestal) subvencionado en 13.750,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade, na categoría profesional de "peón forestal" ó/á traballador/a que se detalla no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2021-0442 Data: 02/07/2021



Cod. Validación: ACC0394CXLAQR7MESG24RMRC7J | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Nome do traballador/a	DNI	Grupo de cotiz.	Retribucións brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)
Rodríguez Suárez, Santiago	564	10	1.322,40	37,80%	499,87	1.822,27	9	16.400,43
CUSTO TOTAL			1.322,40		499,87	1.822,27		16.400,43

Segundo.- Formalizar o contrato de traballo para a obra / servizo “tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peóns forestais) subvencionado en 13.750,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado coa cláusula específica de traballos de interese social, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.1 da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73 martes do 20 de abril de 2021), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 9 meses.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Quinto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luis Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2021-0442 Data: 02/07/2021



Cod. Validación: ACC094CXLAQRTME3G24RMFCTJ | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4